



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Maio 2018


Santiago de Compostela, 05 de xullo de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Maio 2018

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en maio de 2018 un avance do 7,9% con respecto a maio de 2017, mentres que a nivel nacional creceu un 1,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo non rexistraron variación, os bens de equipo creceron un 8,2% e os bens intermedios un 10,7%. A enerxía, pola súa parte, destacou cun crecemento do 13,6%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “producción de enerxía eléctrica” que suma 2,0 puntos, a “fabricación doutro material de transporte” que engade 1,6 puntos, a “fabricación de produtos metálicos” que suma 1,0 puntos e a “fabricación de vehículos de motor” que achega 0,6 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan a “fabricación de mobles” e a “fabricación de maquinaria e equipamentos” (-0,4 puntos cada unha).

Índice de producción industrial (IPI). Maio 2018

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %	Índice	VARIACIÓNS (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	Xeral	116,9	7,9	10,4
	Bens de consumo	123,3	0,0	0,9
	Bens de equipo	111,9	8,2	2,3
	Bens intermedios	138,9	10,7	14,5
	Enerxía	95,4	13,6	24,3

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de maio de 2018 en Galicia acadou unha taxa interanual do 7,9%, empeorando en 13,2 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (21,1%). En España rexistrouse unha subida do 1,6%, empeorando en 9,6 puntos a taxa acadada no mes anterior (11,2%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan unha variación nula, o que non ten repercusión no conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un aumento do 8,2%, o que achega igualmente 2,0 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** creceron un 10,7% cunha repercusión positiva de 3,1 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que sube un 13,6% sumando 2,8 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de abril de 2018, por destino económico, os bens de consumo empeoran 8,9 puntos, os bens de equipo empeoran 0,6 puntos, os bens intermedios empeoran 11,3 puntos e a enerxía cae 39,0 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de maio foron: “produción de enerxía eléctrica” que suma 2,0 puntos, a “fabricación doutro material de transporte” que engade 1,6 puntos, a “fabricación de produtos metálicos” que suma 1,0 puntos e a “fabricación de vehículos de motor” que achega 0,6 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas, destacan a “fabricación de mobles” e a “fabricación de maquinaria e equipamentos” (-0,4 puntos cada unha).

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 11,4% de Murcia e o -8,2% de Illes Balears. Ademais desta última, presentan crecementsos interanuais inferiores á media estatal: Aragón (0,8%), Andalucía (0,4%), Comunitat Valenciana (0,3%), Asturias (-1,0%), Extremadura (-4,1%), La Rioja (-4,2%) e Madrid (-5,4%).


IPI maio 2018

Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Maio 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	116,9	7,9	10,4	--	--
Bens de consumo	123,3	0,0	0,9	0,0	0,2
Bens de equipo	111,9	8,2	2,3	2,0	0,6
Bens intermedios	138,9	10,7	14,5	3,1	4,0
Enerxía	95,4	13,6	24,3	2,8	5,6
España					
Xeral	113,2	1,6	2,7	--	--
Bens de consumo	108,7	-2,6	0,8	-0,7	0,2
Bens de equipo	124,2	3,9	4,1	0,9	0,9
Bens intermedios	122,4	4,1	3,9	1,3	1,2
Enerxía	94,4	0,0	1,9	0,0	0,4

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Maio 2018

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	7,9		10,4		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	13,0	2,0	25,3	4,7	22,3
Fabricación doutro material de transporte	127,0	1,6	75,2	1,0	2,0
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	12,1	1,0	7,9	0,7	7,7
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	4,9	0,6	-5,2	-0,7	13,1
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	10,3	0,5	24,0	1,3	5,1
Industria da alimentación	3,3	0,5	3,8	0,5	13,2
Fabricación de material e equipamento eléctrico	18,5	0,4	17,9	0,4	1,4
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	10,7	0,3	10,9	0,3	2,6
Industria do papel	12,6	0,3	5,7	0,1	2,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	7,9	0,3	9,7	0,4	4,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	7,8	0,2	6,1	0,2	2,5
Industria química	11,7	0,2	8,7	0,2	1,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	1,8	0,1	10,7	0,5	3,6
Fabricación de bebidas	1,6	0,1	0,8	0,0	3,5
Outras industrias manufactureiras	10,4	0,0	30,6	0,1	0,5
Confección de roupa de vestir	-2,7	-0,1	0,5	0,0	4,1
Industria téxtil	-25,4	-0,2	-15,9	-0,1	0,6
Outras industrias extractivas	-24,3	-0,2	24,6	0,2	1,1
Fabricación de mobles	-21,4	-0,4	-20,8	-0,4	1,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-12,7	-0,4	2,1	0,1	2,0
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Maio 2018

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	113,2	1,6	2,7
Galicia	116,9	7,9	10,4
Andalucía	104,0	0,4	0,2
Aragón	116,7	0,8	3,2
Asturias	108,7	-1,0	3,4
Baleares (Illes)	103,6	-8,2	-3,9
Canarias	102,7	7,6	1,5
Cantabria	120,4	8,7	9,8
Castilla - La Mancha	105,1	3,1	1,4
Castilla y León	110,8	3,2	3,2
Cataluña	118,6	2,3	4,2
Comunitat Valenciana	114,3	0,3	0,4
Extremadura	99,7	-4,1	1,1
Madrid	107,1	-5,4	0,5
Murcia	116,2	11,4	4,1
Navarra	118,9	4,9	0,9
País Vasco	119,3	3,1	2,6
Rioja (La)	99,4	-4,2	-0,1

Fonte: INE